

# PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN



## FRONTE A ABUSOS SEXUAIS A MENORES E PERSOAS VULNERABLES

• ARQUIDIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA •





**FRANCISCO JOSÉ PRIETO FERNÁNDEZ**  
 POLA GRAZA DE DEUS E DA SEDE APOSTÓLICA  
 ARCEBISPO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## **DECRETO**

### **de aprobación do Protocolo de prevención e actuación fronte a abusos sexuais a menores e persoas vulnerables e da Guía de boas prácticas para a protección de menores**

#### INTRODUCCIÓN.

*Señor, ... atende a miña queixa,  
 oe o balbordo dos meus xemidos... (Sal 5)*

O pranto e clamor dos inocentes que viron violentadas e rotas as súas vidas pola acción de quen, por propia vocación, estaban chamados a custodiar as súas persoas co celo, coidado e entrega que Cristo Señor mostrou cara aos pequenos e necesitados, resoa vívido ante Deus e ante a comunidade crente. O rachón que estas situacións produciron na Igrexa segue a zumegar vergoña, culpa e dor.

Xusto é recoñecer que a autoridade da Igrexa tratou de reaccionar unha vez se foron evidenciando a existencia de abusos a menores ou persoas vulnerables en distintos lugares do orbe. Certamente, non sempre resultaron eficaces e adecuadas as medidas implementadas; como non foi sinxelo percibir, recoñecer e dimensionar o real alcance de feitos tan execrables.

Non podemos esquecer, nesta orde, e sen entreternos en precedentes relevantes, que xa San Xoán Paulo II no ano 2001 publicou a Carta Apostólica, en forma motu proprio, *Sacramentorum sanctitatis tutela*, o Papa Bieito XVI promulgou Normas sobre *delicta graviora* no ano 2010, que supuxeron un primeiro intento de afrontar tan grave problema no seo da Igrexa. O Papa Francisco, con impulso renovado e decidido, elaborou novas normas e tratou de sensibilizar a toda a Igrexa ante os casos de abusos provenientes do pasado ou que se poidan producir na actualidade e a relevancia de implementar medidas preventivas que eviten situacións que causan tal sufrimento e dano aos máis débiles: nenos, novos e persoas vulnerables. Como non, destacar a Carta

Apostólica, en forma motu proprio, *Vos estis lux mundi* (2019) e a Constitución Apostólica *Pascite gregem Dei* que reforma o Libro VI do Código de Dereito Canónico.

Intensa foi, igualmente, a actuación do Dicasterio para a Doutrina da fe, especialmente aquela na que procurou que os bispos e as conferencias episcopais asumisen as responsabilidades que lles son propias en orde a perseguir o delito cometido e previr a súa reiteración. Por aludir a algúns destes documentos: as Cartas aos bispos da Igrexa Católica e aos demais Ordinarios e Xerarcas dos anos 2001 e 2010, a Carta circular subsidio para as Conferencias Episcopais na preparación de *Liñas Guía* para tratar os casos de abuso sexual de menores por parte do clero (2011), o *Vademécum* sobre algunhas cuestións procesuais ante os casos de abuso sexual a menores cometidos por clérigos (na súa dobre versión dos anos 2020 e 2022).

A Conferencia Episcopal Española veu traballando na elaboración de instrumentos que permitan afrontar unha tan grave tarefa con seriedade e rigor; especialmente destacables son o *Protocolo marco para a prevención e actuación en caso de abusos a menores* (2022) e a *Instrución da CEE sobre abusos sexuais* (2023). O Protocolo trata de ofrecer un instrumento de acollida ante os abusos e, sobre todo, de prevención para que acabemos con esta secuela; pola súa propia natureza esixirá de cambios que permitan adaptalo ás circunstancias que vaian xurdindo.

A mesma Conferencia Episcopal alentou a elaboración de Protocolos de prevención e actuación no ámbito de cada Igrexa diocesana, que entre nós se desenvolveu coa colaboración activa de todas as dioceses que conforman a Provincia eclesiástica de Santiago.

De feito, os Sres. Bispos da Provincia eclesiástica de Santiago na reunión do 30 de marzo do ano 2022 xa expuxeron a necesidade de elaborar uns protocolos de prevención e actuación fronte a abusos sexuais a menores e persoas vulnerables no ámbito da Igrexa en Galicia. Urxiuse e encomendou a todas aquelas realidades que traballan na Provincia eclesiástica en temas de pastoral familiar, é dicir, delegacións diocesanas de pastoral familiar, centros de orientación familiar, o Instituto da familia, o Servizo interdiocesano de atención a menores, persoas vulnerables e as súas familias, centros de escoita, etc. que comezasen a reflexionar sobre este tema e a elaborar propostas.

A partir do borrador “Protocolo Marco para a prevención e actuación en caso de abusos a menores e equiparables legalmente”, facilitado o 31 de marzo de 2022 polo entón denominado “Servizo de coordinación de Oficinas de Víctimas CEE” (actualmente “Servizo de coordinación e asesoramento das Oficinas de Protección de Menores Conferencia Episcopal Española”), a Oficina do “Servizo pastoral interdiocesano de atención a menores, persoas vulnerables e as súas familias” iniciou a tarefa de elaborar un protocolo propio e alcanzable para ser proposto ás dioceses da Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela.

O “Servizo pastoral interdiocesano de atención a menores, persoas vulnerables e as súas familias”, en febreiro de 2023, remitiu a todos os bispos un

primeiro esbozo de Protocolo; que estes anotaron, emendaron e introduciron distintas achegas. O proceso de reelaboración e corrección do texto nos puntos sinalados polos bispos coincidirá coa publicación, o 25 de marzo do ano 2023, de *Vox estis lux mundi aggiornato*, o cal permitiu actualizar tamén aquelas disposicións súas, que xa estaban recollidas no esbozo do Protocolo, e incluír as novas disposicións desta última versión.

Presentouse así finalmente un “PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN FRONTE A ABUSOS SEXUAIS A MENORES E PERSOAS VULNERABLES”, que, revisado e examinado unha vez máis polos señores bispos na reunión da Provincia eclesiástica do 24 de xullo de 2023, é o que agora finalmente se promulga na nosa Arquidiocese de Santiago de Compostela.

De igual modo, no empeño por dotar ás institucións eclesiais e aos fieis dos instrumentos idóneos, precisos e de coñecemento accesible para todos, que permitan previr e actuar ante calquera forma de abuso cara a menores ou persoas vulnerables; os Bispos da Provincia eclesiástica, de forma análoga ao establecido para a elaboración do Protocolo, encomendaron ás delegacións diocesanas de pastoral familiar, centros de orientación familiar, o Servizo interdiocesano de atención a menores, persoas vulnerables e as súas familias e centros de escoita que, tras reflexionar sobre cantas cuestións estimasen convenientes, elaborasen unha Guía de boas prácticas. Tras varias reunións, e tendo como base a Guía realizada na diocese de Tui-Vigo, un grupo técnico reducido presentou aos Sres. Bispos un borrador ao que efectuaron algunha observación e modificación.

Documento que, xunto ao Protocolo, é unha resposta activa á vontade expresada polo Papa Francisco e quere contribuír a crear contornas seguras onde acompañar e colaborar coas familias no desenvolvemento integral dos nenos, novos e/o adultos vulnerables. E iso sobre a base da obrigação que asumimos de velar e protexer a integridade e os dereitos da infancia e adolescencia. Compromiso que ha de ser asumido pola institución eclesial pero tamén por todas e cada unha das persoas adultas que colaboran con ela nas súas múltiples actividades.

A citada “GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A PROTECCIÓN DE MENORES”, tal e como quedou redactada tras o proceso sucintamente exposto, é igualmente promulgada na Arquidiocese de Santiago de Compostela. Conscientes que tanto o Protocolo como a Guía, pola súa propia natureza, haberán de se adaptar ás distintas circunstancias que poidan sobrevivir.

## **DECRETO**

No exercicio da grave responsabilidade que onera aos bispos, elixidos para guiar ao Pobo que se lles encomendou, así como protexer e coidar en especial aos máis débiles e vulnerables e promover o anuncio do Evanxeo, e para que todos na nosa Arquidiocese coñezan e procuren previr e evitar calquera situación de risco aos menores ou persoas vulnerables ante calquera situación de abuso,

Primeiro.- Aprobamos o “PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN FRONTE A ABUSOS SEXUAIS A MENORES E PERSOAS VULNERABLES” que entrará en vigor o día trinta e un de xaneiro.

Segundo.- Aprobamos a “GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A PROTECCIÓN DE MENORES” que entrará en vigor o día trinta e un de xaneiro.

En orde á súa promulgación e divulgación, publíquense no Boletín Oficial do Arcebispado de Santiago de Compostela. Para o seu maior e mellor difusión, inseriranse ambos os documentos na páxina web da Arquidiocese e nas de todas aquelas que dependan de Institucións diocesanas, parroquias, asociacións canónicas, movementos eclesiais e centros educativos eclesiais sitos nesta Arquidiocese; así como en todas as actividades pastorais e educativas diocesanas que impliquen o trato con menores e/o persoas equiparadas legalmente.

Dado en Santiago de Compostela, a vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte e catro.

Por mandato da S. Excia. Rvdma.

Elisardo Temperán Villaverde,  
Chanceler-Secretario.

## ÍNDICE

### **1. Introducción**

### **2. Protocolo: Que finalidade ten**

### **3. Sobre o abuso sexual**

### **4. Detección do abuso sexual**

#### 4.1. Indicadores específicos

##### 4.1.1. Indicadores físicos

##### 4.1.2. Indicadores sexuais

#### 4.2. Indicadores inespecíficos

#### 4.3. Revelación do abuso

##### 4.3.1. Como actuar ante a revelación

##### 4.3.2. O que hai que dicir e o que non hai que facer ou dicir á persoa menor

### **5. Sistema de Prevención**

#### 5.1. A Oficina de atención a menores

#### 5.2. Selección de persoal e colaboradores

#### 5.3. Programas de Formación continua para a Protección

#### 5.4. Código de boas prácticas

### **6. Marco xurídico**

#### 6.1 Marco lexislativo canónico

#### 6.2 Marco lexislativo civil

### **7. Procedimento en casos de abuso**

## ANEXOS

**Anexo I:** Declaración persoal responsable de rexeitamento ao abuso sexual a menores e adhesión á prevención e actuación ante o mesmo na Diocese de Santiago de Compostela

**Anexo II:** Informe de notificación

**Anexo III:** Modelo de autorización de traslado de informe

## 1. Introducción

A normativa establecida no Código de Dereito Canónico, xunto con outros documentos pontificios e o indicado polo Dicasterio para a Doutrina da Fe en relación á recepción e actuación nas dioceses ante denuncias por casos de abuso sexual a menores, require implementar un *Protocolo de prevención e actuación fronte a abusos sexuais a menores e persoas vulnerables*, como instrumento que ofrezca aos axentes pastorais unha serie de principios orientadores e de procedementos básicos de actuación, a fin de saber como proceder e como facelo de forma adecuada.

Dita prevención e protección das persoas menores e das persoas vulnerables fronte aos abusos sexuais require tamén propoñer e deseñar estratexias que eliminen todo comportamento de abuso de poder, como a violencia, malos tratos, humillación, degradación e tantos outros elementos que, por negligencia ou descoido, se introducen na vida cotiá. A Igrexa debe ser un claro referente dos dereitos da vida humana, da dignidade da persoa, do respecto mutuo, da convivencia e de todo o que contribúa a que o ser humano se realice de forma integral.

Previr para que a secuela dos abusos non se repita nas nosas institucións é un gran reto. Por iso é polo que, para que este Protocolo se converta nun instrumento de traballo operativo, é decisivo coñecelo e comprender a súa importancia para ser aplicado por todos os membros que formamos a comunidade diocesana, tanto na actividade pastoral, relixiosa, educativa, de acollida ou de saúde, como en calquera outra tarefa con menores. Pero, sobre todo, é importante formarnos para ser testemuñas da verdade do Evanxeo e defender a vida humana. Isto comporta desterrar o mal e anunciar con verdade a Boa Noticia. Nunca o Evanxeo pode ir da man da morte <sup>1</sup>.

## 2. Protocolo: Que finalidade ten

Coma **obxectivos específicos**, o Protocolo oriéntase a:

1. Previr o abuso sexual a menores e adultos vulnerables, establecendo criterios de selección e de formación para quen traballa ou se relacionan con eles, así como un código de conduta que recolla tamén o que en ningún caso pode darse. É, ademais, un documento que convida á creación de espazos seguros para estas persoas fronte a posibles abusos ou agresións.

---

<sup>1</sup> O Código de Dereito Canónico, na reforma do libro VI, pon os delitos que afectan a menores baixo o epígrafe dos delitos contra a vida e a dignidade humana. Na Igrexa non nos podemos permitir ser axentes de dor e dano, porque somos testemuñas da resurrección, da vida, e iso implica de todos defender a dignidade dos máis débiles e que nunca sexan instrumentalizados por abusos de poder que poidan orixinar abusos sexuais a menores. Esta realidade indícanos que debemos traballar con profesionalidade e con claridade. Non valen nin voluntarismos nin bondades. Neste tema, a defensa da vida humana esixe coñecer, protocolizar e ser axentes de prevención.



2. Protocolizar o modo de actuación, tanto na detección como na denuncia, procurando que a intervención sexa inmediata, axustada ás leis civís e canónicas, e tratando de forma individualizada a quen denuncia e á súa familia, como ao denunciado e á súa contorna.
3. Atopar camiños de reparación e axuda do dano causado.
4. Axudar a que o vitimario asuma a súa rehabilitación e se tomen decisións acordes coa lei respecto ás súas futuras actividades, evitando que estea en contacto habitual con menores, con quen habitualmente teñen uso imperfecto de razón e con aqueles aos que o dereito recoñece igual tutela.

A súa **motivación principal**: Crear espazos nos que o desenvolvemento das actividades pastorais, formativas ou asistenciais sexan expresión do compromiso da Igrexa no coidado e protección das persoas menores e daqueles adultos que, por circunstancias diversas, son especialmente vulnerables.

O **obxectivo final**: Instaurar un sistema de protección integral das persoas, fomentando a cultura dos bos tratos nas institucións diocesanas e creando contornas seguras para as relacións humanas. Para iso é preciso traballar activamente na prevención de situacións de risco e actuar establecendo condutas respectuosas coas persoas, creando espazos seguros e protocolizando os procedementos en casos de detección ou denuncia dunha situación de abuso.

Finalmente, a **reparación do dano causado** ten prioridade absoluta, sendo necesario pasar dunha xustiza retributiva a unha xustiza restaurativa, como expresión dunha maior conciencia, dunha responsabilidade efectiva e dun compromiso real de toda a Igrexa <sup>2</sup>.

### 3. Sobre o abuso sexual

A Asociación Americana de Psiquiatría, no Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastorno Mentais DSM-5, define os abusos sexuais infantís como «*calquera tipo de actividade sexual cun neno que estea destinada a proporcionar unha satisfacción sexual a un dos pais, un coidador ou calquera outro individuo que teña algunha responsabilidade sobre o neno. Os abusos sexuais inclúen actividades tales como caricias nos xenitais do neno, penetración, incesto, violación, sodomización e exhibicionismo indecente. Tamén se inclúe como abuso sexual calquera explotación do neno sen necesidade de contacto, por parte dun proxenitor ou coidador; por exemplo, obrigando, enganando, atraendo,*

---

<sup>2</sup> Habemos de ser conscientes que a vítima de abusos que vén a nós faino para sandar as feridas e obter a reparación do dano que sufriu. Por iso é necesario que teñamos en conta a natureza relixiosa do dano, e que o dano rompeu a confianza en Deus, é dicir, que involucra a relación íntima e persoal con Deus. É por iso que as feridas que se derivan dunha relación danada no ámbito eclesial requiren, ademais doutras cuestións, unha restauración do vínculo relixioso e interpersoal no mesmo ámbito. De aí, a necesidade, non só de tomar conciencia, senón de coñecer como e onde actuar para previr, constatar e reparar o dano nas persoas e na Igrexa mesma.

*ameazando ou coaccionando ao neno para que participe en actos de satisfacción sexual a terceiros, sen contacto físico directo entre o neno e o seu agresor».*

Dado que o Protocolo non contempla só os abusos sexuais a nenos, senón tamén os que poidan cometerse con toda persoa menor e con calquera adulto vulnerable, hase de entender aplicado igualmente a eles o antedito.

Para estes efectos enténdese por:

- «**menor**»: calquera persoa cunha idade inferior a dezoito anos; ao menor equipárase a persoa que habitualmente ten un uso imperfecto da razón.
- “**adulto vulnerable**”: calquera persoa nun estado de enfermidade, de deficiencia física ou psicolóxica, ou de privación da liberdade persoal que, de feito, limite incluso ocasionalmente a súa capacidade de entender ou de querer ou, en calquera caso, de resistir á ofensa»<sup>3</sup>.

Polo que se refire aos termos vítima e vitimario, estes enténdense do modo seguinte:

- “**vítima**”: calquera menor de **dezoito anos**, a persoa que habitualmente **ten imperfecto uso de razón**, e o **adulto vulnerable**.
- “**vitimario**” ou “**agresor**”: calquera persoa maior de idade<sup>4</sup> acusada da comisión dos delitos descritos logo no marco legislativo canónico deste Protocolo.

## 4. Detección do abuso sexual

### Observación e escoita das persoas menores

As persoas que traballan no ámbito pastoral ou educativo con menores ou persoas vulnerables, á parte de saber que á hora de **previr** unha posible vítima de abuso sexual é importante ter en conta algúns factores de risco (carencias afectivas, falta de habilidades sociais e de comunicación, ou a baixa autoestima), tamén deben coñecer como **identificar** unha situación de posible abuso.

Ademais da propia **revelación** do feito en si, a identificación dunha situación de posible abuso realízase a través dunha serie de **indicadores específicos**, como poden ser os físicos ou o coñecemento e comportamento sexualizado dunha persoa menor, e **indicadores inespecíficos**, máis xerais, que van asociados a calquera situación de malos tratos ou abuso ao que puidese estar exposto a persoa menor.

<sup>3</sup> FRANCISCO, *Vos estis lux mundi* [2023], I. Disposicións xerais, Art. 1 § 2 a. b.

<sup>4</sup> Aínda que xuridicamente non é “maior de idade” a persoa menor, adolescente ou nova, que está encargada dos máis pequenos dentro de actividades pastorais como catequista, monitor, animador de grupos, voluntario etc., con todo, se esta persoa, polo seu nivel de desenvolvemento ou situación de superioridade, chegase a faltar dalgún modo ao Código de boas prácticas ou a cometer algún dos actos descritos no epígrafe 6.1, tamén haberá de ser obxecto de intervención inmediata por parte dos responsables. Por este motivo, estas persoas han de coñecer igualmente este Protocolo.

## 4.1. Indicadores específicos

### 4.1.1. Indicadores físicos

A presenza destes indicadores apunta unha alta probabilidade de sufrir abuso. A exploración dos devanditos síntomas corresponde aos sanitarios aos que se ha de acudir sempre que se detecte embarazo, enfermidade de transmisión sexual, lesións ou dor inexplicable ou persistente na zona xenital, anal ou seos, tamén rabuñadas, negróns ou restos de fluídos (sangue ou seme). Sempre que apareza algún destes síntomas comunicarase aos pais ou tiores da persoa menor, sendo necesaria a exploración inmediata e, a poder ser, acompañada a persoa menor dalgún dos seus responsables.

### 4.1.2. Indicadores sexuais

Cando se dan **coñecementos sexuais precoces** ou impropios da idade ou se manifestan **condutas sexualizadas** ou autoerotizadas que non son correntes<sup>5</sup>, distinguindo nisto entre menores de doce anos e adolescentes:

a) Menores de doce anos:

- Erotización nas interaccións con outras persoas menores (intentos de sedución), acercamento íntimo, exhibicionismo e preguntas inadecuadas.
- Masturbación compulsiva.
- Acercamentos peculiares.
- Intentos de bicos inadecuados.

b) Adolescentes:

- Erotización nas interaccións con menores.
- Uso da forza física ou a coerción psicolóxica para acceder sexualmente a menores.
- Promiscuidade, prostitución.
- Excesiva inhibición sexual.

## 4.2. Indicadores inespecíficos

Coñecidos tamén como indicadores de baixa capacidade predictiva, xa que poden aparecer como reacción a diversas situacións potencialmente estresantes ou traumáticas para as persoas menores:

- Síntomas psicossomáticos (dor de cabeza ou abdominal, fatiga, insomnio...).
- Medo a estar so ou cunha persoa determinada.
- Problemas de alimentación (anorexia, bulimia) ou sono (intensa actividade onírica, pesadelos, espertares nocturnos).
- Expresión emocional de ansiedade, depresión, agresividade, vergonza...
- Rexeitamento ao contacto físico ou a mostras de afecto na relación habitual.
- Resistencia a espirse ou ducharse.
- Conductas autolesivas.

---

<sup>5</sup> Non sempre son indicio de posible abuso, pois poden deberse a unha aprendizaxe inaxeitada.

### 4.3. Revelación do abuso

Cando unha persoa menor comunica que ela, ou algunha persoa da súa contorna, está a ser obxecto de abuso sexual, non debemos cuestionar o seu testemuño, xa que a experiencia mostra que este é un dos indicadores máis potentes da violencia sexual. Esta comunicación pódese facer directamente ou indirectamente.

Aínda que non é frecuente a **revelación directa**, debemos saber que a persoa que a recolle ha de facilitar a súa manifestación nun ambiente de calma, acompañando emocionalmente á persoa menor e evitando preguntas que corresponden a profesionais sanitarios e xudiciais, a fin de non causar unha *vitimización* secundaria<sup>6</sup> nin interferir na posible investigación.

A **revelación indirecta** é máis frecuente en nenos ou nenas máis pequenos ou introvertidos, de maneira que expresan que algo ocorreu, ou está a ocorrer, a través de debuxos, relatos escritos, preguntas sobre sentimentos ou relacións persoais, ou colocando o ocorrido nun terceiro.

#### 4.3.1. Como actuar ante a revelación

Ante unha revelación é moi importante actuar de forma correcta. En xeral, a escoita ha de realizarse nun lugar adecuado, respectando os tempos do neno e da nena ou adolescente, evitando interromper, nun contexto de escoita e disposición a axudar.

Esta sería unha das poucas situacións nas que se recomenda evitar a presenza doutras persoas.

- **Mostrar sensibilidade ás necesidades da persoa menor:** Cando nos confía o seu secreto ou nos mostra claramente o que está a ocorrer, a nosa primeira e principal tarefa é apoiála. Unha persoa abusada é vulnerable; a persoa menor máis, e necesita sentir que a cremos. Para iso expresarémoslle explicitamente a nosa disposición para escoitala e axudala, evitando así amplificar o seu sufrimento e ansiedade.
- **Non debe pospoñerse a revelación:** É dicir, escoitaráselle no momento que elixiu para comunicar o que ocorreu ou está a ocorrer.
- **Manter a calma e unha actitude de escoita activa:** Comportarse con calma e comprensión mostra á persoa menor que podemos aceptar o seu relato e anímalle a contar o que pasou. Non interromper nin evidenciar as nosas emocións (cólera, estupefacción, indignación...). Non debemos tampouco dirixir a conversación, é dicir, non preguntaremos coma se dun interrogatorio se tratase, nin xulgaremos, nin etiquetaremos.
- **Dar apoio e confianza:** Controlar a reacción emocional normal nunha situación así supón ser moi comedidos á hora de recoller a información. Por iso, as preguntas han de ser abertas e xerais (só é preciso coñecer o suceso, sen entrar en cuestións específicas). É importante ter en conta que ir ao detalle pode xerar vergoña, incompreensión ou culpa nas persoas

---

<sup>6</sup> «A **vitimización secundaria** (ou **revitimización**) é a resposta que dá o sistema a unha vítima. Esta resposta fai que a persoa **reviva a situación traumática** e volva asumir o seu papel de vítima».

menores, e nese momento é necesario que sinta unha actitude de escoita, apoio e axuda.

#### 4.3.2. O que hai que dicir e o que non hai que facer ou dicir á persoa menor

- **Hai que dicirlle:** Que confiamos no que di e que fixo ben en contalo. Que é valente e que non é culpable do que pasou. Que o que pasou é algo malo e que as cousas malas hai que dicilas; non poden ser un secreto. Que imos falar cos seus pais ou titores e con outras persoas que van axudala. Animala a falar con persoas con quen se sinta ben, incluídos nós.

- **O que non hai que facer ou dicir:** Non se poden pedir detalles no relato inicial (podemos influír, e este feito pode prexudicarlle e prexudicarnos). Non prometeremos nada que non podamos cumprir, incluído o feito de gardalo en segredo. Non se cuestiona o relato da persoa menor nunca: non é a nosa función valorar a verosimilitude do que relata.

Ser sempre sinceros e adiantarlle que imos facer. Isto supón responder afirmativamente e negativamente ás preguntas, dar a explicación oportuna ou, cando sexa o caso, recoñecer que non sabemos algo. Ademais, orientaremos ao neno e á nena ou adolescente ao status de seguridade perdida polo abuso, referenciando as figuras paterna e materna e os profesionais que lles poidan axudar como facilitadores na recuperación do seu equilibrio emocional.

Poñer por escrito o que acabamos de oír, o máis pronto posible, reflectindo data, lugar e hora, procurando recoller o máis textualmente posible o relatado e explicando tamén a actitude da persoa menor (nivel de movemento físico, mirada, malestar físico, sentimentos, fluidez do relato, pausas, contención ou expresión emocional...)<sup>7</sup>.

Informar inmediatamente os pais ou titores do que manifestou o seu fillo ou filla, orientándolles como han de proceder (conveniencia da realización dunha exploración médica e formulación da denuncia, evitando inicialmente o contacto con outros profesionais) e ofrecéndolles apoio psicolóxico, espiritual e asistencia xurídica, ademais da axuda que se ofrece por medio das persoas encargadas diso na Diocese.

Notificar de forma inmediata á autoridade civil competente os feitos, de acordo con a obrigaón da actual lexislación do Estado<sup>8</sup> e trasladar esta á Fiscalía e á Oficina de atención a menores, interesándose o informante pola evolución do caso ao longo de todo o proceso.

---

<sup>7</sup> Véxase Anexo II.

<sup>8</sup> «Toda persoa que advirta indicios dunha situación de violencia exercida sobre unha persoa menor de idade, está obrigada a comunicalo de forma inmediata á autoridade competente e, se os feitos puidesen ser constitutivos de delito, ás Forzas e Corpos de Seguridade, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial, sen prexuízo de prestar a atención inmediata que a vítima precise» (BOE, *Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia*, Art. 15).

## 5. Sistema de Prevención

### 5.1. A Oficina de atención a menores

Esta Oficina, integrada convenientemente por tres persoas cualificadas en materia de Dereito, Psicoloxía e Atención Pastoral<sup>9</sup>, ten como labores propios:

1. Levar a cabo as tarefas referidas á prevención dos abusos, mediante campañas de concienciación, sensibilización e formación dos axentes pastorais diocesanos.
2. Realizar as tarefas de acollida, escoita e acompañamento das vítimas, podendo recibir denuncias, pero non sendo a encargada do seu trámite, que, sen prexuízo dos dereitos e obrigacións establecidos en cada lugar polas leis estatais, é competencia dos Órganos administrativos ou xudiciais diocesanos, supra-diocesanos ou da provincia eclesiástica, se os houberse, ou relixiosos.

Durante o trámite da noticia dun posible caso de abuso ou de recibir unha denuncia, as pautas xerais de actuación son:

- Garantir o interese superior da persoa menor.
- Traballar pola reparación de cada persoa involucrada.
- Recompilar o testemuño da vítima sen demora e dunha maneira apropiada para o propósito e para evitarlle maior dano.
  - Ilustrar á vítima sobre os seus dereitos e como proceder, incluíndo a posibilidade de presentar probas e solicitar ser escoitados, directamente ou a través dun intermediario.
  - Informar á vítima, se así o solicita, dos resultados das distintas etapas do procedemento.
  - Alentar á vítima para recorrer á asistencia de consultores civís e canónicos.
  - Preservar á vítima e á súa familia de calquera intimidación ou represalia.
  - Salvaguardar a lexítima protección da boa reputación e da intimidade de todas as persoas involucradas, así como a confidencialidade dos datos persoais.

### 5.2. Selección de persoal e colaboradores

A acción preventiva comeza coa selección das persoas implicadas na pastoral e a docencia, así como noutras actividades ordinarias ou extraordinarias organizadas pola propia Diocese, a través das súas Delegacións Episcopais, Cáritas ou Parroquias. Inclúense desde os sacerdotes e seminaristas maiores aos voluntarios, pasando por formadores, profesores, catequistas, monitores de

---

<sup>9</sup> «[...] as Dioceses ou as Eparquías, individualmente ou conxuntamente, deben ter organismos ou oficinas facilmente accesibles ao público para a recepción dos informes» (FRANCISCO, *Vos estis lux mundi* [2023], I. Disposicións xerais, Art. 2 § 1). «1. Establecerase unha oficina en cada diocese ou en cada provincia eclesiástica [...] co fin de facilitar e asegurar que as noticias ou as denuncias sobre posibles abusos sexuais sexan tratadas en tempo e forma de acordo con a disciplina canónica e civil, respectando os dereitos de todas as partes implicadas. 4. Para o desempeño destas tarefas designarase, na medida do posible, a persoas con experiencia e coñecementos xurídico-penais, psicolóxico-psiquiátricos, de prevención e atención terapéutica, así como de comunicación» (CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA, *Instrución sobre abusos sexuais* [2023], Art. 9 § 1 y 4).

actividades pastorais, adestradores, persoal de administración e servizos dos centros educativos e todos aqueles que, potencialmente, vaian ter contacto con menores.

Aspectos importantes da selección:

- Obrigatoriedade da presentación do **Certificado Negativo do Rexistro de Delinquentes Sexuais** para todos aqueles que vaian desenvolver a súa actividade profesional ou voluntaria con menores no ámbito das institucións ou actividades diocesanas.
- Os sacerdotes, relixiosos e laicos que participen nestas actividades recibirán unha formación básica sobre abusos sexuais, ademais, de sensibilizarlles e comprometerlles a traballar a favor da protección das persoas menores e potenciar a cultura dos bos tratos nas estruturas diocesanas.
- Informaráselles sempre de todas as normas vixentes na Diocese que teñan que ver co trato directo con menores, así como a obrigatoriedade de rexerse por elas, e das sancións previstas en caso de incumprimento.

É conveniente que todos os que colaboren na Diocese en tarefas pastorais, formativas e asistenciais —sexan ordenados, persoas en proceso formativo, traballadores ou voluntarios— asinen un documento de Responsabilidade Persoal<sup>10</sup> no que explicitamente manifesten:

1. O seu **rexeitamento persoal** a todo tipo de malos tratos ou abuso, sexa físico, psicolóxico ou sexual.
2. Que coñece a **doutrina da Igrexa e as normas diocesanas** sobre o trato con menores e persoas vulnerables, e que, por tanto, a persoa que non cumpre coas normas incorre nun delito que atenta gravemente contra a Lei de Dios, as normas eclesiais e a lexislación civil.
3. Que foi informado sobre todas estas leis e o compromiso dos Organismos Diocesanos de informar as autoridades eclesiásticas e civís do seu incumprimento.
4. Que, se cometesen calquera acto deste tipo, faríano enganando e traizoando a vontade da Igrexa, sendo responsable dos seus actos e asumindo as súas consecuencias.
5. O asinante tamén se compromete a participar nas actividades de formación básica e de actualización que se organicen en materia de Protección de menores (Dereitos do Niño, malos tratos infantís, prevención, identificación e actuación en casos de abusos sexuais a menores), sendo esta formación de carácter obrigatorio para todas as persoas que interveñan con menores (sacerdotes, relixiosos, laicos, profesores, catequistas, monitores...).

Na entrevista persoal, tanto aos traballadores como aos voluntarios, é importante que a persoa encargada de realizar a selección explore a idoneidade

---

<sup>10</sup> Véxase Anexo I.

dos posibles candidatos para interactuar con menores, así como a súa motivación, intereses e expectativas sobre o posto e funcións a realizar.

### **5.3. Programas de Formación continua para a Protección**

Todos os axentes pastorais que colaboran nas diferentes actividades organizadas por institucións diocesanas (catequeseas, pastoral vocacional, pastoral misioneira, pastoral familiar, pastoral de infancia e mocidade, Cáritas ...), así como o persoal docente e de administración e servizos dos Colexios Diocesanos, se houbera, recibirán formación en materia de protección de menores co obxectivo de que se cumpran os obxectivos de realizar unha prevención primaria efectiva e se creen espazos seguros nos que as persoas menores, e as equiparables legalmente, poidan formarse, convivir e desenvolverse de forma integral sentíndose protexidas.

Os programas formativos, que han de actualizarse convenientemente de forma periódica, de modo que respondan as necesidades das institucións diocesanas comunitarias e da sociedade en xeral, e que han de adecuarse ás posibles reformas lexislativas, comprenden diferentes áreas temáticas:

- marco xurídico civil e canónico;
- enfoque intercultural sobre a infancia;
- conceptualización do abuso e seus tipos;
- factores de risco e de protección;
- indicadores de abuso e a súa avaliación;
- aspectos preventivos e códigos de boas prácticas;
- riscos en contornas dixitais: identidade dixital; bullying, grooming, sexting; riscos difíciles de detectar: videoxogos, retos, movementos favorables á corrupción de menores (movemento MAP);
- atención ás vítimas e as súas familias, aos vitimarios e comunidades afectadas (acompañamento psicolóxico, xurídico, espiritual e pastoral);
- perspectiva teolóxica do abuso: vítimas e vitimarios;
- xustiza restaurativa: xustiza retributiva/xustiza restaurativa; tipos de procesos en xustiza restaurativa: mediación penal no contexto eclesial, reunións de restauración, conferencias grupais e círculos de sentencias; o proceso restaurativo.

A Diocese adaptará estes itinerarios formativos ás necesidades, facéndoos accesibles a todos os axentes de pastoral, persoal docente, asistencial e voluntario, e tamén a pais, nenos, adolescentes e novos, podendo ofrecerse a persoas e organismos extradiocesanos a participación nestes procesos formativos, cumprindo así co compromiso da Igrexa de crear unha cultura de protección e bos tratos na nosa sociedade.

### **5.4. Código de boas prácticas**

Como base da convivencia dentro das institucións diocesanas e relixiosas, e en coherencia co principio de respecto ás persoas:

1. As mostras físicas de afecto han de ser comedidas e respectuosas e nunca han de ser, nin parecer desproporcionadas.



- 2.** Respeitarase a integridade física da persoa menor, de maneira que, se lle permita rexeitar activamente as mostras de afecto, aínda que estas sexan ben intencionadas.
- 3.** Evitarase estar a soas con menores en despachos, sancristías, salas de catequeses, procurando sempre que as portas estean abertas, facilitando a escoita e visión a outros.
- 4.** Se se ha de examinar a unha persoa menor enferma ou ferida, sempre se fará en presenza doutro adulto, ambos, a poder ser, do mesmo sexo que os menores.
- 5.** As comunicacións privadas con menores realizaranse en contornas visibles e accesibles para os demais. Recoméndase que as portas sexan de cristal nos despachos, tanto de sacerdotes, como de directores, profesores, formadores e animadores de grupos de nenos e adolescentes.
- 6.** As portas permanecerán abertas mentres permaneza no interior dunha estancia unha persoa menor, sendo coherentes coa política de “portas abertas”; tamén se poden buscar espazos abertos facilitando a presenza doutras persoas.
- 7.** Se se dá unha situación pouco usual na que quede a soas cunha persoa menor ou se tivo un contacto físico relevante por razóns sanitarias ou disciplinarias, informarase os pais.
- 8.** Están prohibidos os xogos, bromas ou castigos que poidan ser violentos ou ter unha connotación sexual, evitando calquera conduta que implique contacto físico íntimo, bicarse ou espirse.
- 9.** Como consecuencia da prohibición do castigo físico, tamén están prohibidas as novatadas ou xogos que impliquen actos vexatorios, denigrantes ou sexistas.
- 10.** Informarase e pedirase autorización asinada de pais ou titores sempre que se realicen saídas, convivencias, excursións, campamentos e outras actividades que supoñan que os menores durman fóra de casa. Asegurarase un número suficiente de acompañantes e distribuiranse as habitacións por sexos. Os adultos non compartirán habitación ou outro tipo de estancia con nenos, nenas, adolescentes e mozas nas convivencias, acampadas e viaxes. Sempre é recomendable convidar a participar a algúns pais ou titores, mesmo cunha presenza activa.
- 11.** Respeitarase a intimidade das duchas, cuartos de aseo e vestiarios cando estean a ser utilizados polos menores. En caso de ter que entrar, sempre por unha razón xustificada, é conveniente que entren dous adultos do mesmo sexo que os menores. Tamén se recomenda respectar a distancia persoal mentres se permaneza na estancia.
- 12.** Cando as actividades académicas ou pastorais requiran a comunicación ou o encontro fóra do contexto habitual, xa sexan presenciais, correo electrónico, teléfono móbil, redes sociais ou outra canle allea aos oficiais do centro, parroquia ou grupo, implementaranse mecanismos de control parental. Ademais, sempre que se utilice algún

destes medios para convocar ou coordinar actividades, os pais ou titores deben recibir as mensaxes.

**13.** É motivo inmediato de cesamento na actividade pastoral ou educativa calquera relación sentimental, consentida ou non, dun adulto con menores de idade (nenos, nenas, preadolescentes, adolescentes).

**14.** Os sentimentos de afecto ou namoramento cara a sacerdotes, catequistas, profesores ou monitores, a miúdo responden á consideración do adulto como un ídolo. O adulto ha de ter conciencia e saber que sempre será responsabilidade súa as situacións derivadas desas percepcións e sentimentos; por tanto, baixo ningunha circunstancia debe corresponder ou insinuarse, de maneira que estableza de forma inequívoca e efectiva uns límites adecuados de comportamento, relación e aprecio cara aos menores.

**15.** Non se realizarán tomas privadas de imaxes de nenas, nenos e adolescentes. Sempre que se fagan durante o desenvolvemento de actividades educativas, lúdicas ou pastorais, tomaranse, se é posible, con dispositivos técnicos da parroquia ou centro educativo. Os pais ou titores consentirán expresamente por escrito a toma e uso de imaxes, sendo responsable da súa custodia e uso a parroquia ou centro diocesano que realice a actividade.

Cando, durante o desenvolvemento dunha actividade, se vulnere algunha destas normas, a persoa responsable da actividade (sacerdote, director de centro, monitor...), e, no seu caso, a propia Diocese, actuará con rapidez e dilixencia, e, en función da gravidade, dita actuación poderá ir desde a observación do suceso e a suxestión de mellora, á amoestación, apertura de expediente, afastamento da actividade educativa, pastoral ou ministerial e, nos casos máis graves, despedimento e comunicación ás autoridades civís.

## 6. Marco xurídico

Recoñecida e garantida sempre a **presunción de inocencia**, que pide a **protección da imaxe** e da esfera privada das persoas implicadas, así como a **confidencialidade dos seus datos persoais**, os delitos de abuso sexual labores por clérigos, relixiosos ou fieis laicos con misión eclesial son tratados, coas súas peculiaridades propias, polas normas do Dereito Canónico e polo Código penal estatal.

Tanto por deber ético e responsabilidade como por mandato da lei, o coñecemento ou a recepción dunha denuncia de abuso a unha persoa menor obriga á comunicación do feito ás autoridades, sendo esta obrigación moito máis importante que a confidencialidade ou calquera tipo de relación persoal, profesional ou pastoral. Os marcos eclesiástico e civil obrigan a actuar sempre que se coñezan feitos desta natureza. Isto, para os axentes de pastoral, traballadores e colaboradores en tarefas formativas e asistenciais, é unha obrigación de inescusable cumprimento<sup>11</sup>.

---

<sup>11</sup> Fóra do coñecemento dos feitos no foro interno, sempre que se teña noticia, ou ben fundado motivo, para considerar que se cometeu un dos feitos delituosos dos que aquí se trata, hai obrigación de comunicalo sen demora ao Ordinario do lugar onde se produciu (cf. FRANCISCO,

Xunto con este deber e a obrigaón de testificar, o M. P. *Vos estis lux mundi* alude, ademais, a toda conduta que supoña a realización de calquera tipo de «accións ou omisións dirixidas a interferir ou eludir investigacións civís ou investigacións canónicas, administrativas ou penais»<sup>12</sup>, contra clérigos ou membros de Institutos de vida consagrada ou Sociedades de vida apostólica e moderadores das asociacións internacionais respecto a os delitos que vén sinalados no seguinte parágrafo.

### 6.1. Marco lexislativo canónico

A teor da reforma do libro VI do **Código de Dereito Canónico**, os delitos contra a vida e a dignidade humana que, pola súa gravidade, se reservan ao xuízo do Dicasterio para a Doutrina da Fe, cometidos cunha persoa de idade inferior a **dezaoito anos** ou unha **persoa equiparada** legalmente a ela, son os referidos a continuación:

- «1. O que comete un delito contra o sexto mandamento do Decálogo cun menor ou cunha persoa que habitualmente ten un uso imperfecto da razón ou á que o dereito recoñece igual tutela.
2. O que recruta ou induce a un menor, ou a unha persoa que habitualmente ten un uso imperfecto da razón, ou á que o dereito recoñece igual tutela, para que se mostre pornograficamente ou para que participe en exhibicións pornográficas, sexan verdadeiras ou simuladas.
3. O que inmoralmente adquire, conserva, exhibe ou divulga, en calquera forma e por calquera medio, imaxes pornográficas de menores ou de persoas que habitualmente teñen un uso imperfecto da razón» (CIC 1398 § 1).

Tipo penal que, «sen prexuízo do que establece o Código de Dereito Canónico e o Código de Canons das Igrexas Orientais en materia penal», complétase e integra por *Vos estis lux mundi* tal e como segue:

- «1. un delito contra o sexto mandamento do Decálogo cometido con violencia, ameazas ou abuso de autoridade, ou no que se obriga a alguén a realizar ou sufrir actos sexuais;
2. un delito contra o sexto mandamento do Decálogo cometido cun menor ou cunha persoa que habitualmente ten un uso imperfecto da razón ou cun adulto vulnerable;
3. a inmoral adquisición, conservación, exhibición ou divulgación, en calquera modo e con calquera instrumento, de imaxes pornográficas de menores ou de persoas que teñen un uso imperfecto da razón;

---

*Vos estis lux mundo* [2023], I. Disposicións xerais, Art. 3 § 1). «O deber de comunicación previsto ... é especialmente esixible a aquelas persoas que por razón do seu cargo, profesión, oficio ou actividade, teñan encomendada a asistencia, o coidado, o ensino ou a protección de nenos, nenas ou adolescentes e, no exercicio das mesmas, tivesen coñecemento dunha situación de violencia exercida sobre os mesmos» (BOE, *Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia*, Art. 16.1).

<sup>12</sup> FRANCISCO, *Vos estis lux mundi* [2023], I. Disposicións xerais, Art. 1 § 1 b).

4. o recrutamento ou a indución dun menor ou dunha persoa que habitualmente ten un uso imperfecto da razón ou dun adulto vulnerable a mostrarse pornograficamente ou a participar en exhibicións pornográficas reais ou simuladas»<sup>13</sup>.

Respecto ás imaxes pornográficas de menores, enténdese por:

- «**material de pornografía infantil**»: calquera representación dun menor, independentemente dos medios utilizados, involucrado en actividades sexuais explícitas, reais ou simuladas, e calquera representación de órganos sexuais de menores con fins libidinosos ou de lucro»<sup>14</sup>.

As sancións para calquera destes delitos axustaranse á gravidade dos feitos. No caso dun clérigo, «debe ser castigado coa privación do oficio e con outras xustas penas, sen excluír a expulsión do estado clerical, se o caso o requirise»; e no caso dun «membro dun instituto de vida consagrada ou dunha sociedade de vida apostólica, ou calquera fiel que goza dalgunha dignidade ou desempeña un oficio ou unha función na Igrexa, [...] debe ser castigado conforme ao c. 1336 § 2-4, engadindo tamén outras penas segundo a gravidade do delito» (CIC 1398 § 1 e 2).

## 6.2. Marco lexislativo civil

O Código penal estatal sanciona todas as condutas de natureza sexual nas que estea presente ou participe unha persoa menor de dezaseis anos, coa única excepción de que estas sexan consentidas e realizadas cunha persoa de idade e madurez similar.

Así mesmo, regula a obrigatoriedade da comunicación do delito e do requisito de non ter antecedentes penais por delito contra a liberdade e indemnidade sexual (agresión, abuso, acoso, exhibicionismo, provocación sexual, prostitución, explotación, corrupción de menores ou trata de seres humanos) para poder desempeñar funcións que impliquen o contacto con menores, acreditándoo debidamente mediante a presentación dun certificado oficial expedido polo Ministerio de Xustiza.

## 7. Procedimento ante un caso de abuso

Cumprindo coa normativa vixente, tanto canónica como civil, sempre que se teñan sospeitas fundamentadas ou noticia dun posible caso de abuso dentro de calquera das institucións diocesanas ou da vida relixiosa (seminarios, colexios, parroquias, Cáritas, actividades pastorais ou lúdicas organizadas por delegacións episcopais ou calquera outra que estea dentro do ámbito da súa responsabilidade), actuarase conforme á *Instrución da Conferencia Episcopal Española sobre os abusos sexuais (2023)*.

Esta establece que, «se hai probas ou indicios racionais da comisión dalgún dos delitos tipificados na lexislación penal do Estado, o ordinario informará o

<sup>13</sup> FRANCISCO, *Vos estis lux mundi* [2023], I. Disposicións xerais, Art. 1 § 1 a.

<sup>14</sup> Ibid., Art. 1 § 2 c.

ministerio fiscal, para os efectos oportunos, e manifestará a súa disposición para colaborar coas autoridades civís, podendo, mesmo, comparecer na causa ante aqueles casos de maior gravidade e evidencia. Esta información realizarase inmediatamente se houberse perigo para a vítima cando sexa menor de idade»<sup>15</sup>.

En función do fundamento da información ou da denuncia e mediante decreto, o Bispo diocesano desestimaraa ou procederá á apertura dunha investigación previa. Caso de realizarse esta, farase «cun criterio preferente de atención á presunta vítima, a quen se deberá comunicar as persoas designadas para levala a cabo, informándolle igualmente do estado da investigación e, no seu caso, das medidas cautelares adoptadas, así como con criterios de profesionalidade e de rigor xurídicos, con cautela e celeridade, respectando o principio de presunción de inocencia e o dereito á intimidade e á boa fama do acusado»<sup>16</sup>.

En canto ao criterio preferente cara á vítima, toda forma de proceder rexerese sempre polos principios básicos de:

- **protección**, tanto da súa integridade física como psíquica e moral (evitando a dobre vitimización), como da súa identidade;
- **información aos pais ou titores legais**;
- **mobilización e ofrecemento dos recursos necesarios** para o seu asesoramento, atención e acompañamento no proceso xudicial e persoal, tanto á vítima como á súa familia.

En canto ás medidas cautelares, desde o inicio da investigación previa, ou durante o seu desenvolvemento, ou cando esta se conclúa, o ordinario deberá resolver acerca da oportunidade ou a necesidade de tomalas, así como a imposición de calquera outras medidas coas que se ha de tentar evitar a reiteración de condutas delituosas e protexer ás presuntas vítimas (actuais e potenciais).

Finalmente, «se se abriu un procedemento na xurisdición civil, o ordinario suspenderá a investigación previa ata que se dite unha resolución sobre o fondo do asunto, que poderá ser incorporada posteriormente á investigación canónica. En todo caso, na investigación previa respectaranse as leis estatais españolas»<sup>17</sup>.

«A tutela dos menores e das persoas vulnerables é parte integrante da mensaxe evanxélica que a Igrexa e todos os seus membros están chamados a difundir no mundo. Cristo mesmo, en efecto, confiounos o coidado e a protección dos máis pequenos e indefensos: *Quen acolla un meniño coma este no meu nome, acólleme a min* (Mt 18,5). Todos temos, por conseguinte, o deber de acoller con xenerosidade aos menores e ás persoas vulnerables e de crear para eles un ambiente seguro, tendo coidado de modo prioritario dos seus intereses. Isto require unha conversión continua e profunda, na que a santidad persoal e o empeño moral poidan contribuir a promover a

<sup>15</sup> CEE, *Instrucción da Conferencia Episcopal Española sobre os abusos sexuais* (2023), Art. 20. 3º.

<sup>16</sup> *Ibid.*, Art. 20. 1º.

<sup>17</sup> *Ibid.*, Art. 20. 4º.

credibilidade do anuncio evanxélico e a renovar a misión educativa da Igrexa» (FRANCISCO, *La tutela dei minori*, 26 de marzo de 2019).

## ANEXOS

### ANEXO I

#### DECLARACIÓN PERSOAL RESPONSABLE DE REXEITAMENTO AO ABUSO SEXUAL A MENORES E ADHESIÓN Á PREVENCIÓN E ACTUACIÓN ANTE O MESMO NA DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**EU, D. / Dna.** .....,  
con **actividade pastoral/docente/colaborador** como .....,  
na Parroquia / Colexio de .....,  
arciprestado de ....., pertencente á **diocese de Santiago de Compostela** en conformidade co que establece o “PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN FRONTE A ABUSOS SEXUAIS A MENORES E PERSOAS VULNERABLES”, publicado pola diocese de Santiago de Compostela, onde se explicita a **aceptación** por parte dos axentes de pastoral e persoas colaboradoras nas parroquias, colexios e outras institucións diocesanas, cuxa actividade implica actividades con nenos e adolescentes menores de idade, **das condicións de selección de persoal e actuacións de prevención e xestión fronte a posibles casos de abusos sexuais a menores,**

**DECLARO QUE ACEPTO RESPONSABLE E VOLUNTARIAMENTE** ditas condicións, as cales son:

- Son coñecedor/a de a existencia e o contido do “**PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN FRONTE A ABUSOS SEXUAIS A MENORES E PERSOAS VULNERABLES**”, publicado pola diocese de Santiago de Compostela, e manifesto o **meu compromiso de aceptalo e seguilo.**

- Para acreditarme como persoa que vou ter responsabilidade profesional ou voluntaria con menores no ámbito das institucións e actividades diocesanas, solicitaréi, segundo lei, o **Certificado Negativo do Rexistro de Delincuentes Sexuais:**

\_\_\_ por medio da diocese de Santiago de Compostela, nese caso darei a debida autorización xunto coa fotocopia do DNI, NIE ou Pasaporte en vigor;

\_\_\_ entregareino persoalmente ao bispado, nese caso haberei de renovalo e entregalo cada ano.

- **Manifesto** tamén de forma expresa:

— O meu **rexeitamento persoal a todo tipo de abuso sexual,** especialmente a menores;

— que **coñezo a doutrina e posición da Igrexa sobre este asunto** e que, por tanto, sei que a persoa que incorre neste tipo de delitos manifesta unha conduta gravemente contraria á lei de Dios e ás normas eclesiais;

— que entendo que a **conduta** do agresor sexual a menores é tamén **delituosa segundo a lexislación penal do Estado** e que **fun informado/a de as leis vixentes** nesta materia;

— que se cometese calquera acto de abusos de menores faríao enganando e traizoando a vontade da Igrexa, sendo responsable unicamente e exclusivamente eu mesmo/a como realizador/a de os devanditos actos.

• No meu proceso de **selección/elección** como axente de pastoral, docente, monitor ou colaborador/a coa diocese para realizar actividades educativas, deportivas, recreativas ou pastorais con menores, acepto como **preceptiva unha entrevista e diálogo directo** onde se expoñan claramente os aspectos relativos aos métodos pastorais, precaucións, posibilidades, problemas e dúbidas **sobre o traballo con menores**, así como as cautelas preventivas e procedementos de actuación ante hipotéticos casos de denuncia de abusos sexuais.

• Expreso, así mesmo, a miña disposición e compromiso de **participar en temas de formación sobre abusos sexuais a menores e as súas consecuencias modos de actuar ante os mesmos** que, programados pola diocese coa temporalidade que se estime oportuna e impartidos por expertos, terán como destinatarios a todos aqueles que traballen con nenos, nenas e adolescentes, sexan sacerdotes, profesores relixiosos ou laicos, catequistas, monitores e animadores de mozos, ofrecéndose tamén dita formación a pais e titores legais de alumnos de colexios diocesanos ou relixiosos e de menores asistentes ás catequeses e actividades parroquiais.

O cal asino en .....

A ..... de ..... de .....

Asinado D. / Dna. ....

## ANEXO II

<b>INFORME DE NOTIFICACIÓN – ABUSO SEXUAL A MENORES</b>		
<b>1</b>	<b>DATOS DO NOTIFICADOR</b>	<b>DATA DE NOTIFICACIÓN</b>
NOME E APELIDOS / Nº DE IDENTIFICACIÓN PROFESIONAL		TELÉFONO
ORGANISMO		CENTRO DE TRABALLO
DIRECCIÓN		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
<b>2</b>	<b>DATOS DA PERSONA MENOR (POSIBLE VÍTIMA DE ABUSO)</b>	
NOME E APELIDOS		NACIONALIDADE
DATA DE NACIMIENTO	DOMICILIO DA PERSOA MENOR OU CENTRO ONDE SE ENCONTRA ACTUALMENTE	TELÉFONO
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
<b>3</b>	<b>DATOS DO PAI/NAI/TITOR</b>	
NOME E APELIDOS		
DOMICILIO		TELÉFONO
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
<b>4</b>	<b>DATOS DA NAI/PAI/TITOR</b>	
NOME E APELIDOS		
DOMICILIO		TELÉFONO
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
<b>5</b>	<b>DATOS DA PERSOA INFORMANTE (NO SEU CASO)</b>	
NOME E APELIDOS		
DATA DE NACIMIENTO	RELACIÓN OU PARENTESCO COA PERSOA MENOR OU FAMILIA DE ESTA (PODE SER UN PROFESIONAL)	TELÉFONO
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
<b>6</b>	<b>DATOS DA SITUACIÓN OBSERVADA sinalando data das observacións</b>	
TRANSCRIPCIÓN, O MÁIS LITERAL POSIBLE, DO VERBALIZADO / MANIFESTADO POLA PERSOA MENOR, NO SEU CASO. Contexto ou situación no que se producen estas verbalizacións. Ou se realizan debuxos ou documentos gráficos pola persoa menor.		
INDICADORES OBSERVADOS NA PERSOA MENOR		
<b>7</b>	<b>DATOS RELATIVOS AO/S PRESUNTO/S AGRESOR/A (SE SE COÑECE)</b>	
RELACIÓN COA PERSOA MENOR		SITUACIÓN DE ACCESIBILIDADE – TEN CONTACTO COA PERSOA MENOR



		– NON TENE CONTACTO COA PERSOA MENOR	
OBSERVACIÓNS			
APORTACIÓN DOS DATOS QUE SE COÑEZAN:			
NOME E APELIDOS		DOMICILIO, TELÉFONO	
SEXO (H,M)	DATA NACIMIENTO/IDADE	NIVEL EDUCATIVO	PROFESIÓN
<b>INFORMACIÓN ADICIONAL</b>			
ACOMPÑARASE A INFORMACIÓN OU DATOS DE RELEVANCIA EXISTENTES SOBRE: (Sinalar os informes que se adxuntan)			
<p><b>O PRESENTE INFORME DE NOTIFICACIÓN, ASÍ COMA O RESTO QUE SE ADXUNTEN, REMITIRASE A:</b></p> <p><input type="checkbox"/> FISCALÍA</p> <p><input type="checkbox"/> BISPADO DE .....</p> <p><b>UTILIZANDO OS MEDIOS ADECUADOS, CONFORME AO GRADO DE CONFIDENCIALIDADE DOS DATOS CONTIDOS NOS MESMOS (LOPDCP).</b></p>			

### ANEXO III

MODELO DE AUTORIZACIÓN-INFORMACIÓN DE TRASLADO DE INFORME

#### **AUTORIZACIÓN-INFORMACIÓN DOS REPRESENTANTES LEGAIS DA PERSONA MENOR, VÍTIMA DE ABUSO SEXUAL, PARA A REMISIÓN DE INFORMACIÓN Á FISCALÍA E OFICINA DE ATENCIÓN A MENORES**

Eu, D. / Dña. ...., con D.N.I. ...., en calidade de nai/pai/titor do menor ..... con D.N.I. ...., e domicilio a efecto de notificación en: .....

Consinto na remisión da información que resulte precisa desde a súa Entidade á Fiscalía e Oficina de atención a menores, co obxecto de que podan realizarse as accións que a autoridade competente estime oportunas tendo en conta a lexislación vixente.

En .....

A ..... de ..... de .....

Asinado D. / Dña. ....

(Persoa interesada ou seu representante legal cando proceda)